

CCOO pide ás empresas que as subidas pactadas por convenio non sexan compensables nin absorbibles

#AGORASI

GAÑAMOS DEREITOS

Publicación inminente do XVIII
Convenio de Consultoría.
Este convenio ten moito de ti.



tic@servicios.ccoo.es



www.ccoo-servicios.es/tic/



www.ccoo.es/Afiliate



Informámosvos que, tras a firma do convenio o pasado 25 de abril, e unha vez obtida a validación por parte da Dirección Xeral de Traballo, **a publicación do Convenio no Boletín Oficial do Estado (BOE) vai ser inmediata.**

Este acordo supón un cambio de tendencia na negociación colectiva do sector, que mellora notablemente as condicións das categorías máis vulnerables e senta as bases para o incremento e recuperación de dereitos e condicións do resto. Queda moito por facer, pero o 25 de abril deuse **un paso de xigante** cara á construción **dun futuro próspero** para as persoas traballadoras do sector TIC.

ESTE CONVENIO TEN MOITO DE TI

A inflación desbocada dos últimos meses provocou **unha perda de poder adquisitivo indiscutible** que está a causar estragos na economía familiar.

Por este motivo, e dados o **resultados récord** das empresas do Sector, desde CCOO imos iniciar unha campaña, para pedir ás empresas que os incrementos salariais pactados sexan **non compensables nin absorbibles**, para cada ano de vixencia do convenio.

Toda as persoas traballadoras deberíamos poder beneficiarnos dos acordos salariais alcanzados, e lograr así unha **redistribución dos beneficios máis xusta e equilibrada.**

#ElPoderDeCambiarLasCosas